

PAGO DE TAXAS DE XEITO TELEMÁTICO

1. Acceda ao seguinte enlace da Axencia Tributaria de Galicia (**ATRIGA**)

https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Pago+telem%C3%A1tico+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860/l/item-dark-blue

Se tan só precisa o modelo en branco para levalo ao banco hai que seleccionar **DESCARGAR MODELO**, e *abrilo cos códigos que se indican abaixo (Modelo A1, tres páxinas)*.

Se prefere facer o pago por internet siga os seguintes pasos:

2. Prema na casilla **Iniciar taxa** (acceso libre ao servizo, símbolo do candado aberto)

3. Prema de novo en **Iniciar taxa**

4. Seleccione os seguintes **códigos**:

Consellería: 07-Educación, Universidade e Formación Profesional

Delegación: 40-Pontevedra

Servizo: 003-Ensino Medio

Taxa: 350700-Conservatorios de Música e Danza

Obxecto de pago: Curso completo e Servizos Xerais

Datos de pago: O importe da matrícula será a suma dos conceptos de **curso completo, servizos xerais** e, no caso de apertura de expediente no centro, o de **Inscripción por 1ª vez**.

5. Prema **Seguinte** e aparecerá a pantalla dos **Datos identificativos** nos que deberá cubrir os datos persoais do alumno.

6. Tras premer en **Seguinte**, aparecerá a pantalla de **MODO DE PAGO**.

Nela poderá escoller entre:

- Descargar o modelo presencial (modelo 731), para levar ao banco.
- Realizar o PAGO TELEMÁTICO (con tarxeta bancaria) nas seguintes entidades:





Usuarios sen certificado

Taxas Telemáticas ou con NRC

IMPORTANTE: A columna "Presencial c/NRC" indica se a Entidade admite pagos presenciais con NRC.

* Existe un límite de 60.00 € para operacións de pago con tarxetas de outras entidades.

* Pagos presenciais fóra de Galicia só permitidos en ABANCA.

Entidade	Horario	Presencial c/NRC	Carga en conta	Pago c/tarxeta
ABANCA 	Dispoñible para o ingreso telemático de 0:00 a 23:00 horas.	Si	Non	Todas
Caixa Rural Galega 	Dispoñible para o ingreso telemático de 23:30 a 20:30. Luns a xoves de 23:30 a 24:00 con data efectiva do día seguinte. Fin de semana a partir das 20:30 do venres, con data efectiva do luns seguinte.	Si	Non	Propias
CaixaBank 	Dispoñible para o ingreso telemático de 1:00 a 23:00 horas.	Si	Non	Propias
Caja Rural de Zamora 	Dispoñible para o ingreso telemático de 23:30 a 20:30. Luns a xoves de 23:30 a 24:00 con data efectiva do día seguinte. Fin de semana a partir das 20:30 do venres, con data efectiva do luns seguinte.	Si	Non	Propias
EVO Banco 	Dispoñible para o ingreso telemático de 23:30 a 20:30. Luns a xoves de 23:30 a 24:00 con data efectiva do día seguinte. Fin de semana a partir das 20:30 do venres, con data efectiva do luns seguinte.	Si	Non	Propias

Unha vez cubertos os campos e pagada a taxa, deberá imprimir o resgardo e entregar unha copia na secretaría do centro xunto coa restante documentación da matrícula no prazo establecido.

Os candidatos que teñan algunha excención de taxas deberán aportar a debida xustificación.

- *Os beneficiarios de bolsas ou axudas ó estudio (Grao Profesional).*
- *Por matrícula de honra (Grao Profesional).*
- *Por ser familia numerosa.*
- *Persoas cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.*
- *As vítimas de actos terroristas, así como os/as seus/súas cónxuxes e fillos/as.*
- *Violencia de xénero*
- *Funcionarios docentes (agás apertura de expediente e servicios xerais).*